


RIBADEO



BANDA  
MUNICIPAL

**ASOCIACIÓN  
AMADORES DA MÚSICA  
ACADEMIA DE MÚSICA  
«CARLOS A. FDEZ.-CID»**

*Coa colaboración de:*

**CAIXA GALICIA**



**EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO**

Gráficas RIBAZAN - Navia

# CONCERTO

SÁBADO

13-2-93

## PROGRAMA

I

**SETE ROSAS**  
(Paso-dobre)

*A. del Rio*

**CLARINANDO**

*R. Comello*

**OS TEUS OLLOS**

*X. Castro, "Chané"  
(arr.: Hernán Naval)*

**TANNHÄUSER**  
(Coro de Peregrinos)

*R. Wagner*

**MARCHA MILITAR**  
n.º 1 (Op. 51)

*F. Schubert*

II\*

**PEPITA GREUS**  
(Paso-dobre)

*P. Pérez Choví*

**MEMÓRIAS DE ÁFRICA**  
(Banda sonora da película)

*John Barry*

**BEATLES COLLECTION**

*J. Lennon & P. Mc Cartney  
(arr.: de Meij)*

**KALINKA**

*Tradicional  
(arr.: Jack Ham)*

Director: HERNÁN NAVAL

\* Obras en primeira interpretación pola Banda Municipal de Ribadeo.

**N**outro povo que non lembro se foi Onteniente ou Carcagente, aloxeime na casa do director da Banda, pero non me lembro tam pouco do seu nome... (é curioso, que me poña escreber as miñas memórias sen lembrarme, sen memoria) pero sei que era o autor dun paso-dobre precioso que se tocaba en todas partes e que eu interpretei e chamábase *Pepita Creus* (sic). Ese povo, como case todos os de Levante, estaba dominado pola FAI. Como xa digo, aloxeime na sua casa. O meu amábel colega tiña duas fillas, duas rapazas simpáticas. Nos xantares falábamos de música. Dixérrome que as duas estudaban piano; no comedor estaba o piano. Eu pedinlle que tocasen algo pero unha delas contestoume: "non, non me astrevo..." Eu crin que mo dicia para darme entender que perante un famoso mestre coma min non se astrevia, e díxenlle: "advírtote que eu non sei tocar case o piano, machácoo un pouco pero o meu instrumento ten sido o violin, así é que podes tocalo tranquila que por mal que o fagas non o vas facer pior ca min". Mais ela seguía co seu: "non, non me astrevo". Entón o pai, o autor do famoso paso-dobre, Pérez Chovis (sic) coido que se chamaba, deume unha explicación. Díxome: "Mire, Sorozábal, neste povo o comité ten proibido tocar o piano. Durante o Nadal pasado eu pedin permiso e concedéronmo pero somente se as miñas fillas tocaban *Nas barricadas* e *A Internacional*, somente esas obras".

Erguinme indignado, púxenme ao piano e aporreeino con todas as miñas forzas tocando todo canto se me ocorría. Máis logo, durante o concerto da Banda, cando viñeron alguns responsabeis felicitarme púxenos de volta é media".


Pablo Sorozábal

**A** testemuña de Pablo Sorozábal, o autor de *Katiuska*, tirada do seu libro de memórias *Mi vida y mi obra*, aponta la o argumento de que tocando clásicos populares como o paso-dobre *Pepita Greus* ("A la inspirada poetisa Doña Ángela-Josefa Greus Sáez", reza a dedicatória de Pascual Pérez Choví: quien coñece a tan notável vate...), unha Banda como a de Ribadeo seguirá a facer gala de modernidade difundindo, da xa longa historia da composición para orquestras de vento, o mellor. E non imos arriar a bandeira da modernidade, á que asidios nascimos, nen de transmitir a mensaxe consecuente de que non hai vieiro alternativo para unha Banda fin de século: co autóctono (*Sete rosas, Os teus ollos...*), o diferente (*Kalinka*); a carón dos clásicos que teñen deixado moi atrás a centúria (Schubert, Wagner), os compositores modernos que axiña serán clásicos (Comello).

As catro obras da segunda parte do programa son estrea relativa, isto é, primeira interpretación pública pola actual Banda ribadense de pezas non exclusivas. Non será exclusiva da Municipal de Ribadeo, máis non se sabe que por istos pagos Banda algunha toque *Out of Africa*, a banda sonora da célebre fita do mesmo título protagonizada por Meryl Streep e Robert Redford; John Barry é, con Willians, Morricone, Elmer Bernstein e algun outro, un dos más solicitados autores de música cinematográfica do presente. Johan de Meij asina as transcripcións de *Memórias de África* e dunha nova selección de cancións dos Beatles, agora de carácter menos lixeiro en comparanza co *The Beatles in concert* que a Banda de Ribadeo, pioneira na comarca, tocou seguido o pasado verán; *Beatles collection* está constituida, ao xeito de rapsódia, polas seguintes cancións dos de Liverpool: "Hey Jude", "Martha my dear", "The Fool on the Hill" e "Norwegian Wood".

Aviso para navegantes: *Pepita Greus* e *Beatles collection* levan calificación D no nivel de dificuldade técnica e de interpretación que sinalan os catálogos internacionais de música para Banda sinfónica (a escala vai de A a F, de fácil a moi difícil); o fragmento do *Tannhäuser* wagneriano e a *Marcha Militar* de Schubert, que formaron parte do programa do concerto de presentación do 25 de xaneiro de 1992, levan C. Para o ano, E... Andando.

RIBADEO



BANDA  
MUNICIPAL

UN ANO DESPOIS